

REQUISITOS DE INFORMACIÓN XERAL para o traslado transfronteirizo de residuos no interior da Comunidade Europea (artigo 18)

Os residuos a que se refire o artigo 3, apartados 2 e 4, que pretendan trasladarse estarán suxeitos aos seguintes requisitos de procedemento:

- Os traslados deben ir acompañados do documento que figura no [anexo VII](#). Este documento será asinado pola persoa que organice o traslado antes do momento do seu inicio, e será asinado pola instalación de valorización ou o laboratorio e polo destinatario cando reciban os residuos en cuestión.
- Cando os residuos teñan como **destino Galicia**, o posuidor deberá presentar ante a Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito manifestando a intención de realizar o traslado dos residuos e enviar o [anexo VIII: previsión semestral](#) a través da sede electrónica co código de procedemento **PR004A**.

É recomendable comunicarlles esta información ás autoridades competentes antes do transporte e archivar copia desta documentación, tanto por parte do posuidor como do destinatario.

- A información destes traslados (con orixe ou destino Galicia) debe ser incorporada ao **arquivo cronolóxico** da entidade con centro de traballo en Galicia de acordo coa normativa de aplicación.

COMUNICACIÓN TRASLADOS TRANSFRONTEIRIZOS - Procedemento Art. 18 Regulamento (CE) num. 1013/2006

Para dar cumprimento á *Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular*, concretamente ao Apartado 6 do Artigo 32, *Entrada e saída de residuos do territorio nacional*, en canto aos traslados transfronteirizos de residuos regulados polo artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 1013/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, considerarase suficiente a creación / comunicación de ditos traslados na plataforma GalA eResiduos no módulo de Traslados Transfronteirizos.

PRAZOS:

- Para exportacións de residuos (saídas), o notificante deberá realizar a comunicación cunha antelación mínima de 3 días naturais antes do traslado.
- Para importacións de residuos (entradas), o destinatario deberá realizar a comunicación no prazo de 3 días naturais trala recepción dos residuos na súa instalación.